



Resolución do 23 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés (590010); no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelería (591201), equipos electrónicos (591202) e mecanizado e mantemento de máquinas (591211); no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de italiano (592012) e portugués (592015); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de piano (594423), trompa (594427), trompeta (594428) e linguaxe musical (594460).

Por unha Resolución do 26 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es o 29 de xaneiro de 2018, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés (590010); no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelería (591201), equipos electrónicos (591202) e mecanizado e mantemento de máquinas (591211); no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de italiano (592012) e portugués (592015); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de piano (594423), trompa (594427), trompeta (594428) e linguaxe musical (594460).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades antes citadas, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés (590010); no corpo de



profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelería (591201), equipos electrónicos (591202) e mecanizado e mantemento de máquinas (591211); no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de italiano (592012) e portugués (592015); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de piano (594423), trompa (594427), trompeta (594428) e linguaxe musical (594460).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

